



COMPARECE _____, maior de idade, NIF _____ e enderezo en _____ . Intervén no seu propio nome e dereito, se ben na súa calidade de candidato nº 1 da candidatura do partido político “COMPROMISO POR GALICIA” ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 do corrente mes, considerándose investido da cualidade de mandatario verbal deste Partido.

EXPÓN:

Que Galicia precisa políticos honestos, unha limpeza democrática urxente e tolerancia cero coa corrupción. O obxectivo é que os cidadáns e as cidadás confíen nas institucións e nos seus representantes. Defendo que hai motivos para dicir que todos somos iguais, pero en Compromiso por Galicia non somos nin sequera parecidos. Hai que evitar as contratacións directas e promover puxas e mesas plurais. É preciso reformar as normas para que cando un cargo sexa imputado en firme por unha autoridade xudicial, quede inhabilitado para a vida política. Os políticos non podemos acumular cargos nin eternizarnos neles.

Exposto isto MANIFESTO A ASUNCIÓN DOS SEGUINTEs COMPROMISOS:

1.- COMPROMISO a non permenecer máis de dúas lexislaturas, oito anos, como deputado no Parlamento de Galicia.

2.- COMPROMISO a non compatibilizar varios cargos públicos nin privados, dando cumprimento ao principio de unha persoa, un cargo, un salario,

3.- COMPROMISO a defender un soldo digno para representantes institucionais acorde coas súas responsabilidades renunciando a todo tipo de privilexios económicos e fiscais.

4.- COMPROMISO a publicar anualmente a miña declaración de bens e de gastos/ingresos como cargo público.

5.- COMPROMISO a someter a referendo público e cidadán a miña xestión política na metade de cada mandato. No caso de non ser referendado presentarei a miña dimisión.

6.- COMPROMISO ao abandono inmediato da actividade pública no caso de ser imputado en firme por parte da autoridade xudicial.